



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o decreto polo que se aproba o regulamento do xogo do bingo

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se modifican os estatutos da sociedade pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense S.A.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención, no momento da concesión, na orde pola que se regulan as bases de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria

CONSELLERÍA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio bilateral de colaboración entre a entidade pública empresarial Red.es e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do programa Rexistro Civil en Liña incluído no Plan Avanza



## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia) e o Instituto de Turismo de España (Turespaña) para levar a cabo unha campaña de publicidade conxunta para o ano 2007

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a aplicación ao persoal de escalas de profesores numerarios e mestres de taller, dependentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, o incremento do complemento específico na mesma contía ca a do mesmo persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: substitución da ODT nos p.q 0+ 150, 0+ 590 e 1+ 020 da VAC do Salnés, concello de Meis, por unha contía aproximada de setecentos vinte e cinco mil euros (725.000 euros)
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparación de danos en diferentes estradas e camiños no concello de Cotobade, por unha contía aproximada de cento sesenta e nove mil trescentos sesenta e dous euros con setenta e tres céntimos (179.362,73 euros)
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de acondicionamento de diferentes treitos das estradas PO-300, PO-550, PO-504, PO-303 e VG-4.2, por unha contía aproximada dun millón douscentos cincuenta mil euros (1.250.000 euros)
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparación da estada PO-224 A Ponte Borela N-541-Santo Antoniño N-550 p.q. 6+ 500 e p.q. 9+ 400, por unha contía aproximada de cento dez mil douscentos dezasete euros con setenta céntimos (110.217,70 euros)



- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de construción dunha nova ponte sobre o río Groba na estrada Po-552 á altura da glorieta de Sabarís, reparación das pontes actuais desta Consellería, termo municipal de Baiona, por unha contía aproximada de setecentos mil euros (700.000 euros)

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre actuacións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o fomento e mellora da aprendizaxe das linguas estranxeiras en 2007



## O GOBERNO GALEGO APROBA A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO XOGO DO BINGO QUE AUMENTARÁ A FRECUENCIA DOS PREMIOS

- A contía dos premios establécese no 63% do valor da totalidade dos cartóns vendidos para a partida
- Queda anulado o bingo acumulativo a favor do premio da prima que se duplicará

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se modifica o regulamento do xogo do bingo. A reforma persegue unha mellor adaptación ás demandas dos usuarios, que prefiren premios máis continuos no tempo malia a diminución das súas contías, e tamén dos empresarios, que pretenden saír do estancamento en que se atopa esta actividade.

A modificación fundaméntase en dous aspectos básicos: a redución do 65% ao 63% da cantidade que se distribuirá en premios, para poñelo en consonancia coas porcentaxes repartidas na maior parte das comunidades autónomas; e a eliminación do bingo acumulativo a favor do crecemento do premio da prima do 1 ao 2%, o que vai permitir premios de ata 1.000 euros cunha frecuencia visible para os visitantes da sala.

Sobre a contía dos premios, a modificación do artigo 6º establece que “a cantidade que se distribuirá en premios en cada partida consistirá no 63% do valor da totalidade dos cartóns vendidos nela”. O dito importe determinarase da forma seguinte:

- Liña: a contía do premio de liña será a que resulte de detraer o 6% do valor facial da totalidade dos cartóns vendidos na partida
- Bingo ordinario: a contía do premio do bingo ordinario será a que resulte de detraer o 55% do valor facial da totalidade dos cartóns vendidos en cada partida (antes era do 56%).
- Prima: dotarase coa cantidade que resulte de detraer o 2% do valor facial dos cartóns vendidos en cada partida (antes era do 1%, polo tanto, duplícase). A subtracción realizarase en todas as partidas e unha vez conseguida a cantidade correspondente ao premio, destinarase á dotación do seguinte premio nesta modalidade.

Sobre a retribución da prima, a modificación do artigo 8º establece que será outorgado ao xogador ou xogadores que completen e canten o bingo co número de extraccións menor ou igual ao fixado pola sala, na partida inmediatamente posterior a aquela en que se alcanzase a contía precisa para o mencionado premio, entre 30 e 1.000 euros. No suposto de que a gratificación da prima non sexa adxudicada por terse superado o número de extraccións fixado, este incrementarase nunha unidade



de extracción en cada unha das partidas posteriores ata que se produza a entrega, enunciando ao comezo de cada unha o número de extraccións necesarias para obtela.

Sobre o aboamento dos premios, a modificación do artigo 7º establece que os premios se pagarán ao remate de cada partida tras realizar a comprobación e contra entrega do cartón premiado que se incorporará a acta. Os premios de ata 3.000 euros serán sufragados en metálico, quedando prohibida a súa substitución total ou parcial por premios en especie. O dito pagamento poderá substituírse por un cheque librado a favor do premiado. En caso de premios economicamente superiores, o pagamento farase mediante cheque nominativo.

#### Outras modificacións

A modificación do regulamento recolle cambios no que se refire aos elementos de xogo: cartóns, aparello de extracción de bolas, bólas de xogo, instalacións de son e circuío cerrado de televisión e pantallas informativas, e tamén sobre os trámites previos ao comezo da partida e a venda de cartóns.

Doutra banda, inclúe transformacións que afectan o permiso de apertura e a inscrición da autorización da instalación. Así mesmo contén información sobre as dilixencias en caso de peche temporal, establecendo que as cantidades acumuladas para o pagamento do premio da prima serán depositadas na delegación correspondente da Consellería de Economía e Facenda, ou definitivo, en tal caso quedarán en beneficio da comunidade autónoma para a súa aplicación a fins e obras sociais.



## A SOCIEDADE PÚBLICA AUTOESTRADA ALTO DE SANTO DOMINGO OURENSE S.A. AMPLÍA O SEU CAPITAL SOCIAL

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto polo que se modifican os estatutos da Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense S.A., para permitir a ampliación do seu capital social.

Esta sociedade, creada pola Xunta de Galicia para construír e, se é o caso, explotar as obras da Autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, no treito do alto de Santo Domingo A52 na provincia de Ourense, incrementará o seu capital social en sete mil euros co gallo de acometer os investimentos necesarios para cumprir co seu obxectivo e finalizar as obras da autoestrada.

Esta medida foi adoptada o pasado mes de decembro, cando a Xunta Xeral da Sociedade acordou a emisión de sete mil accións nominativas de mil euros de valor nominal cada unha. Estas pertencerán á mesma serie que as once mil accións xa existentes. Con esta modificación, o capital social da sociedade increméntase ata os 18.000.000 euros.



## A XUNTA REGULA O FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES CO OBXECTIVO DE AMPLIAR E MELLORAR A PRESTACIÓN DO SERVIZO

- A nova normativa concreta, mellora e adecúa o réxime xeral de funcionamento desta prestación, dando resposta ás demandas actuais e reais ao respecto
- Ao abeiro do decreto, universalízase o acceso a todo o alumnado e esténdese este servizo á totalidade da comunidade educativa
- Co obxectivo de acadar a conciliación da vida familiar e laboral desenvólvese este servizo educativo complementario con medidas concretas encamiñadas a potenciar os comedores escolares
- Recolle por vez primeira a atención concreta que merece o alumando con algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria
- Este ano estanse a beneficiar en Galicia deste servizo máis de 50.000 alumnos, cifra que se ampliará en anos vindeiros para atender a nova demanda
- O decreto foi debatido coas federacións provinciais de nais e pais e coas organizacións sindicais e conta con informes favorables do Consello Escolar e do Consello Consultivo

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Este decreto amplía e mellora a prestación deste servizo, do que na actualidade se benefician máis de 50.000 alumnos. Unha das principais novidades que inclúe a nova normativa, hoxe aprobada, ten que ver coa extensión do servizo de comedor a toda a comunidade educativa. Paralelamente, universalízase esta prestación a todo o alumnado, sexa ou non bolseiro, e establecerase en función da renda familiar. Ao tempo, o decreto regula por vez primeira a dotación de menús específicos ao alumnado que presente intolerancia ou alerxias alimentarias.

No transcurso destes anos, a realidade social vén demandando das Administracións públicas unha nova regulamentación do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos. Este servizo educativo ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade, en especial entre homes e mulleres, e solidariedade.

Resulta, pois, necesario neste momento establecer un marco normativo que, de acordo coas previsións legais existentes, concrete, mellore e adecúe o réxime xeral de funcionamento do servizo de comedor escolar nos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que permita dar resposta ás demandas reais e actuais ao respecto.



A nova normativa márcase como prioritario colaborar na conciliación da vida laboral e familiar ao tempo que educar ao alumno en hábitos saudables e concienciar á comunidade educativa de que a alimentación equilibrada e a actividade física prevenen a obesidade infantil e diminúen a probabilidade de sufrir enfermidades. Así, co obxectivo de acadar a conciliación da vida familiar e laboral establécese este decreto que regula a ampliación e mellora dun servizo educativo complementario e desenvolve un conxunto de medidas encamiñadas a potenciar os comedores escolares.

#### Máis beneficiarios deste servizo

Esta nova normativa establece un conxunto de melloras significativas, tales como a concepción do propio servizo de comedor, entendido como os servizos de comida de mediodía e de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior da mesma, nos que se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais. O decreto aprobado hoxe tamén recolle que poderán ser usuarios da prestación de comedor escolar todo o alumnado do centro, correspondendo ao Consello Escolar do centro a selección e admisión nos casos en que o número de solicitudes supere ao de prazas dispoñibles, ao tempo que se procurará a ampliación do comedor acorde ás demandas existentes.

Ademais, segundo esta nova normativa, poderán ser usuarios desta prestación o persoal encargado da atención ao alumnado usuario do comedor, independentemente da súa categoría e relación de emprego; así como o profesorado e persoal non docente do centro que solicite o servizo, sempre que existan prazas vacantes, e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado.

Este decreto establece que serán beneficiarios/as da totalidade da axuda para o servizo de comedor aquel alumnado que sexa beneficiario do servizo de transporte escolar. Así mesmo, serán beneficiarios desta axuda, total ou parcialmente, outro alumnado sempre que cumpra o requisito de renda que se estableza. Pola súa banda, deberán aboar a cantidade correspondente á axuda para comedor concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por alumno/a e día, todo aquel alumnado que non cumpra o requisito de renda que se estableza.

Nas normas de desenvolvemento do decreto aprobado hoxe fixarase seguindo criterios obxectivos o cadro de persoal que preste servizos de atención ao alumnado usuario do comedor escolar, e virá determinado segundo a modalidade de prestación do servizo. Neste punto, terase en conta o total de alumnado e demais persoal que coma no centro, mentres que ata agora só se contabilizaba o número de alumnos bolseiros.





Por outra banda, este decreto establece que os comedores escolares agruparanse nun máximo de cinco categorías (A, B, C, D, E), independentemente da modalidade de xestión pola que se opte, e a mesma será determinada polo número de comensais usuarios do servizo de comedor. Así, os comedores de tipo A darán servizo ata 75 comensais; os de tipo B, de 76 a 150 comensais; os de tipo C, de 151 a 250 comensais; os de tipo D, de 251 a 350 comensais; e os de tipo E terán máis de 351 comensais.

#### Modalidades de prestación

O servizo de comedor escolar prestarase dalgunha das seguintes modalidades: xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, que exercerá as funcións de atención ao alumnado usuario do comedor escolar e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercerán as funcións que se regulen na orde de desenvolvemento do presente decreto; xestión directa mediante a elaboración de comidas centralizadas en cocinas propias con persoal da Administración, e transportadas a outros centros docentes próximos, contratando o mencionado servizo cunha empresa do sector hostaleiro; ou contratación da subministración de comidas preparadas ou da elaboración de comidas nas dependencias do centro, a cargo dunha empresa do sector hostaleiro adxudicataria do servizo polo procedemento que corresponda.

No propio decreto establécese que as modalidades utilizadas con carácter xeral serán as de xestión directa serán as dúas primeiras, sen deixar de lado calquera das outras reflectidas na norma.

#### Hábitos alimentarios saudables

De acordo con este decreto, a elaboración dos menús realizarase de xeito que proporcione aos usuarios unha dieta equilibrada, contribúa ao seu mellor desenvolvemento e favoreza a adquisición de hábitos alimentarios saudables. Os menús poranse en coñecemento do Consello Escolar do centro.

A nova normativa establece que o menú será único para todos/as usuarios/as do servizo de comedor, salvo nos casos de alumnos/as que teñan algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, medicamente documentada. Estes menús serán autorizados polo Consello Escolar, de acordo coas normas que se diten en desenvolvemento do presente decreto, e estarán xustificadas mediante certificación médica.

O texto deste decreto foi debatido coas federacións provinciais de nais e pais e coas organizacións sindicais e conta con informes favorables do Consello Escolar e do Consello Consultivo



## A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 22 MILLÓNS DE EUROS AO PLAN CONCERTADO DE PRESTACIÓNS BÁSICAS DE SERVIZOS SOCIAIS NOS CONCELLOS

- Esta orde ten por obxecto regular as bases que rexerán a concesión de subvencións ás corporacións locais para o financiamento total ou parcial de servizos sociais
- Serán obxecto de financiamento os seguintes programas básicos de actuación: información, orientación e asesoramento, de atención no fogar e apoio á unidade de convivencia, de prevención e inserción social, de aloxamento alternativo e de fomento da cooperación social, entre outros
- Financiarase así mesmo a atención a sectores de poboación con problemas diferenciados, como a área de persoas maiores, o ámbito de persoas con discapacidade e a área de prevención da exclusión social

O Goberno galego autorizou na súa xuntanza de hoxe o establecemento dun anticipo superior ao 10 por cento da subvención no momento da concesión pola que se regulan as bases que rexerán as axudas económicas destinadas ás corporacións locais para o financiamento das prestacións de servizos sociais, dentro do Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais. Desde a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar preténdese que esta orde se converta na canle principal de financiamento para as entidades locais, tentando que os municipios soliciten a través dela todos os servizos e programas que queiran acadar en canto a servizos sociais de atención primaria.

Esta futura orde de axudas económicas -que sairá publicada proximamente no Diario Oficial de Galicia- conta cun investimento inicial para este ano de 22.428.862 euros, que se verán ampliados posteriormente con cargo aos fondos para a implantación do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. Trátase dunha cifra inicial superior en máis de 5 millóns de euros ao investimento inicial do ano 2006, que foi de 17.987.375 euros. Esta orde ten por obxecto regular as bases que rexerán a concesión de subvencións ás corporacións locais para o financiamento total ou parcial de servizos sociais, incluíndose tamén o financiamento dos proxectos de desenvolvemento do pobo xitano executados polas entidades locais.

### Tipos de subvencións

Mediante a orde de axudas do Plan Concertado, os concellos poderán ter axudas para os servizos sociais de atención primaria que desenvolvan programas e presten axudas favorecedoras da participación, integración e benestar social das persoas ou grupos, dentro do seu contorno máis próximo. Os ditos servizos sociais comunitarios prestaranse nos centros de servizos sociais, centros de acollida, albergues e outros equipamentos de apoio ao traballo social de atención primaria (centros de día, centros ocupacionais, etc). Dentro das actividades que se desenvolvan nos centros de



servizos sociais, serán obxecto de financiamento os seguintes programas básicos de actuación: información, orientación e asesoramento, de atención no fogar e apoio á unidade de convivencia, de prevención e inserción social, de aloxamento alternativo, de fomento da cooperación social e todos aqueles que se poidan levar a cabo dende o primeiro nivel de atención. Financiarase así mesmo, nun primeiro nivel, a atención a sectores de poboación con problemas diferenciados, como a área de persoas maiores, o ámbito de persoas con discapacidade, a área de prevención da exclusión social, entre outros asuntos.

A orde integra neste exercicio a liña de apoio aos concellos para a execución de programas de desenvolvemento dirixidos á poboación xitana, establecendo as prioridades e estratexias contidas no Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano en Galicia, que se financiarán de forma autónoma respecto das actuacións anteriores.

#### Axuda no fogar

Considérase obxectivo prioritario do financiamento para este ano 2007 o da renovación de subvencións outorgadas ás corporacións locais durante 2006 para os conceptos de persoal e de axuda no fogar dos servizos sociais de atención primaria. Defínense ademais os criterios que se terán en conta para os efectos da incorporación ao programa de axuda no fogar dos usuarios incluídos no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

#### Solicitudes

As solicitudes de subvencións formularanse nos modelos oficiais que se publicarán como anexos á orde, unha vez se publique no DOG. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Para valorar as solicitudes de subvencións para o financiamento de servizos sociais de atención primaria, tratarase de garantir o obxectivo prioritario de financiamento da renovación das subvencións outorgadas ás corporacións locais durante o exercicio de 2006 para os conceptos de "persoal" e "axuda ao fogar" dos servizos sociais de atención primaria. Dentro da orde tamén se recollen os criterios e baremos para a valoración das solicitudes de subvencións para proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.



## A XUNTA ACHEGARÁ 686.000 EUROS PARA A INFORMATIZACIÓN DOS REXISTROS CIVÍS E OS XULGADOS DE PAZ DE GALICIA

- O Goberno galego aprobou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia e a entidade pública Red.es para o desenvolvemento do programa Rexistro Civil en Liña

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza destinará 686.729 euros para incorporar os rexistros civís á sociedade da información e para acelerar a integración das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nos xulgados de paz de Galicia.

Con este obxectivo, o Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Red.es e a Xunta para o desenvolvemento do programa Rexistro Civil en liña, incluído no Plan Avanza, segundo o establecido no convenio marco asinado en maio de 2006 entre o Ministerio de Xustiza e a devandita entidade.

O obxectivo deste acordo é impulsar os novos servizos en liña máis accesibles e eficientes, así como acelerar a incorporación das TIC nos rexistros civís e nos xulgados de paz coa fin de conseguir unha xestión rexistral tecnoloxicamente avanzada que permita a prestación dun servizo de maior calidade, áxil, transparente e eficaz.

Así, a Xunta e Red.es desenvolverán as actuacións dirixidas a dotar os xulgados de paz do equipamento, conectividade e o soporte necesarios para a implantación da aplicación informática INFOREG, creada polo Ministerio especificamente para a informatización dos rexistros civís. Entre outras, estas iniciativas comprenderán o subministración e instalación de equipamentos informáticos –ordenadores persoais e impresoras específicas-, rede de área local e conexión á Internet de bandalarga, así coma o seu mantemento.

Estas accións terán coma finalidade dar o soporte preciso á actividade rexistral, utilizando a versión de INFOREG que determine o Ministerio de Xustiza. A comisión de seguimento, constituída por dous representantes da Xunta e outros dous de Red.es, determinará a configuración do equipamento informático que mellor se adapte para cumprir cos obxectivos do convenio.

Ademais, Red.es, coa colaboración da Xunta, implantará a aplicación INFOREG nos xulgados de paz e xestionará a impartición da formación que precise o seu persoal para utilizar esta aplicación, ben en sesións presenciais, en modalidade de teleformación ou en xornadas informativas centralizadas.



Por último, Red.es executará e financiará, xunto co Ministerio de Xustiza, as actuacións necesarias para a gravación e dixitalización dos libros rexistrados, coa colaboración da Xunta. O investimento total que se realizará en Galicia nas actuacións obxecto deste convenio bilateral será de 1.373.458 euros.



## TURGALICIA E TURESPAÑA COLABORARÁN PARA PROMOVER A OFERTA TURÍSTICA GALEGA NOS MERCADOS INTERNACIONAIS

- Ambos os dous organismos financiarán con 1,2 millóns de euros unha campaña de publicidade que se desenvolverá en Portugal, Francia, Italia, Alemaña, Reino Unido, Bélxica, Países Baixos e Suíza

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (Turgalicia), dependente da Consellería de Innovación e Industria, e o Instituto de Turismo de España (Turespaña) para levar a cabo unha campaña de publicidade conxunta neste ano 2007, co obxectivo de promover a oferta turística galega. O orzamento da campaña ascenderá a 1,2 millóns de euros, financiados ao 50 por cento por ambos os dous organismos.

Deste xeito, e como xa fixo en anos anteriores, Galicia participará na campaña de publicidade turística internacional que desenvolve Turespaña, con visuais propios baixo o slogan *Smile, you are in Galicia*. Segundo a proposta conxunta de Turgalicia e Turespaña, a campaña desenvolverase nos mercados de Portugal, Francia, Italia, Alemaña, Reino Unido, Bélxica, Países Baixos e Suíza.

Con esta actuación, Galicia beneficiarase das sinerxías xeradas coa campaña de Turespaña nos mercados internacionais en que Turgalicia quere incidir multiplicando os resultados do esforzo publicitario desenvolvido.



## PESCA INCREMENTA O COMPLEMENTO ESPECÍFICO AO SALARIO DO SEU PERSOAL DOCENTE PARA EQUIPARALO CO PROFESORADO DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

- Para este ano o incremento salarial será de 45 euros, o que supón un total de 540 euros anuais

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o seu visto e praxe ao acordo polo que se autoriza a aplicación do incremento do complemento específico ao salario de profesores numerarios e mestres de taller dependentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Esta subida é a mesma que a establecida para o persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e supón un incremento de 45 euros ao mes en 2007, o que se cifra en 540 euros anuais.

A medida adóptase despois do acordo acadado pola Consellería de Educación e as organizacións sindicais en maio de 2006, co visto e praxe do Consello da Xunta en xullo, e no cal se estableceu unha subida no complemento específico do profesorado dependente da citada consellería.

Deste xeito, este mesmo incremento será o que se aplique ao profesorado dependente deste departamento, xa que o Decreto que regula a normativa en materia de formación náutico-pesqueira dispón que o réxime retributivo do profesorado numerario e dos mestres de taller de Pesca sexa o mesmo que o establecido para os mestres da Consellería de Educación.

Para a aplicación desta medida, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos destinará un total de 58.819,95 euros.



## POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ PRETO DE 3 MILLÓNS DE EUROS EN DIFERENTES OBRAS EN ESTRADAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

- Trátase de infraestruturas viarias que se viron afectadas polas choivas de outubro e novembro

A conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia de varias obras que se están a acometer en estradas da provincia de Pontevedra que se viron afectadas polas choivas dos meses de outubro e novembro. A estas obras destínanse preto de tres millóns de euros, que se engaden ás actuacións tamén de emerxencia das que xa se tratou en anteriores reunións do Consello da Xunta.

As actuacións declaradas de emerxencia pola CPTOPT das que hoxe se deu conta ao Consello inclúen actuacións diversas como son, entre outras, a reparación de pontes, reconstrución de muros, e acondicionamento de treitos en diferentes estradas.

Estas obras foron ou están sendo acometidas en diversos puntos quilométricos de media ducia de estradas da provincia de Pontevedra. Entre as obras das cales agora se dá conta atópanse, entre outras, a reconstrución de muros e pontóns en diferentes estradas e camiños no Concello de Cotobade, a construción dunha nova ponte sobre o río Groba, na estrada PO-552 á altura da glorieta de Sabarís (en Baiona), o acondicionamento de diferentes treitos das estradas PO-300, PO-500, PO-504, PO-303 e VG-4.2. Tamén se inclúen as obras de substitución de drenaxe transversal (ODT) na Vía do Salnés e a reparación dun treito de tres quilómetros da estrada PO-224.





## O ALUMNADO GALEGO COMEZARÁ O VINDEIRO CURSO A ESTUDAR A PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA AOS 6 ANOS

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe as actuacións concretas que desenvolverá Educación para o fomento e mellora da aprendizaxe das linguas estranxeiras
- Está previsto incrementar en máis do 400 por cento as bolsas destinadas a alumnos de secundaria para cursar idiomas no estranxeiro en 2007
- Este verán, 1.500 alumnos realizarán estadias formativas en Francia, Irlanda e Reino Unido
- A Administración educativa autonómica sufragará estas actividades achegando un total de 2.464.147 euros
- Este ano ofertaranse 1.200 bolsas máis que as concedidas en 2006

O Consello da Xunta coñeceu hoxe as medidas concretas que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desenvolverá en Galicia para fomentar e mellorar entre os escolares a aprendizaxe de linguas estranxeiras. O informe analizado polo Goberno galego, do que deu conta a conselleira de Educación, sinala que o vindeiro curso 2007-2008 anticiparase aos 6 anos a aprendizaxe, de forma regrada, da primeira lingua estranxeira. Ata o de agora, segundo sinala o informe, o inicio estaba nos 8 anos.

Así mesmo, tal e como destaca o informe, a Administración educativa galega continuará coa convocatoria de actividades para o estudo destas linguas, en modalidade de inmersión nos países onde se falan. Este ano, a Consellería de Educación ofertará 1.000 prazas para alumnado de 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e 500 para alumnado de bacharelato, o que supón 1.200 bolsas máis que as concedidas en 2006.

Polo tanto, 1.500 alumnos de ESO e Bacharelato cursarán estudos dunha lingua estranxeira no país de orixe durante o verán deste ano 2007. A Administración educativa autonómica investirá nestas axudas un total de 2.464.147 euros.

Para o alumnado de ESO, polas características da súa idade, a Consellería de Educación procederá á contratación da actividade completa con organismos competentes, é dicir, o alumnado terá viaxe, estancia e docencia organizada. Os países de destino serán Francia, Irlanda e Reino Unido e as estadias realizaranse por un período de tres semanas durante os meses de xullo e agosto. O custo medio destas bolsas será de 2.000 euros cada unha.

Á hora de conceder as axudas, a Administración educativa terá en conta a renda familiar. Así, a efectos de que haxa unha corresponsabilidade nunha actuación que é



importante, o alumnado aboará unha cantidade pequena, en función da renda familiar (serán 100 euros, para as rendas máis baixas; e 485 para as máis altas).

Para o alumnado de Bacharelato, a oferta será de axudas para a realización das actividades. Así, serán os alumnos os que as xestionen, e a Administración educativa concederá bolsas de 1.200 euros a cada unha das persoas beneficiarias.

#### Medidas para o profesorado

Paralelamente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá tamén medidas concretas para mellorar o dominio das linguas estranxeiras por parte dos docentes que as imparten. Así, porase en marcha o programa PALE, iniciativa dirixida aos profesores de primaria e secundaria, que establece unha formación complementaria en lingua estranxeira de 100 horas impartida por profesorado bilingüe; promove unha estada no estranxeiro; e complementase cunha fase de formación didáctica.

Para estadas no estranxeiro do profesorado, a Xunta de Galicia destinará un total de 420.000 euros. Prevese que un total de 220 docentes se beneficien desta iniciativa. Ao tempo, Educación promoverá a convocatoria de axudas para o intercambio de alumnado con profesorado entre centros galegos e centros doutros países.